

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 21 de novembro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás horas do día nove horas e cinco minutos do vinte e un de novembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral acctal., Sr. Suárez Sánchez, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1780).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas da sesión extraordinaria e da extraordinaria e urxente celebradas o día 11 de novembro de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1781).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1198, 2329/01, 22/2271, 23/1767.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- a) D^a Josefa Crespo Martínez. Expte. 1198/3.
- b) D^a Carmen Pardavila Carreras. Expte. 2329/01.
- c) D^a Faustina González Boleira. Expte. 2271/22.

d) D^a Dolores Balseras Cruz. Expte. 23/1767.

3(1782).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO COMESAÑA SPORTING CLUB PARA CELEBRACIÓN DO XXX MEMORIAL BELARMINO ALONSOO DÍA 30.11.08. EXPTE. 8131/33.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director técnico do IMD, do 7.11.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar, ao Comesaña Sporting Club , a organizar o vindeiro 30 de novembro de 2008, o XXX Memorial Belarmino Alonso, a partir das 10.30 horas, con saída da estrada de Camposancos, e percorrendo o paseo do río Lagares.

4(1783).- CUALIFICACIÓN COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE) DO PROXECTO EMPRESARIAL DENOMINADO ECA SYSTEMS S.L..EXPTE. 5470/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.10.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica e Emprego, que di o seguinte:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “ECA SYSTEMS S.L” (que terá por obxecto o desenvolvemento dun módulo de alimentación integral de fabricación propia para todos os sistemas de seguridade electrónica e de domótica dunha edificación), sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellaría de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

5(1784).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO TODOTERREO PARA O SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 4256/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.11.08, o informe de fiscalización do 19.11.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 28.10.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións practicadas no expediente 4256-307, confirmando á orde de inicio do expediente asinada pola Delegada da Area de Patrimonio Histórico o 12.03.2008.

2º.- Autoriza-lo gasto 30.000 euros para o subministro dun vehículo todoterreno para o servizo de Patrimonio Histórico, que se imputarán á partida presupuestaria 4531.624.00.00. do presuposto do ano 2008.

3º.- Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministros polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 08-10-2008 e o prego de prescripción técnicas para a prestación do subministro por lotes dun vehículo todoterreno para o servizo de Patrimonio Histórico.

4º.- Convoca-la licitación polo procedemento negociado sen publicidade .

6(1785).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO PARA O LACEIRO MUNICIPAL. EXPTE. 5756/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.10.08, o informe de fiscalización do 17.11.08 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 28.10.08, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar e confirma-las actuacións practicadas no expediente 5756/306, confirmando á orde de inicio do expediente asinada pola concelleira de Medio Ambiente o 14.05.2008

2º.- Autoriza-lo gasto 27.000 euros para o subministro de un vehículo para o laceiro municipal, que se imputarán á partida presupuestaria 445.0.624.00.00 do presuposto do ano 2008.

3º Aproba-lo expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 13-10-2008 e o prego de prescripción técnicas para a contratación da subministración de un vehículo para o laceiro municipal.

4º Convoca-la licitación polo procedemento negociado sen publicidade .

7(1786).- ALLEAMENTO DE 84 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 2291/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 16.07.08, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o alleamento de 84 vehículos para chatarra á empresa Vigo Total, por un importe de 8.550,00 €. Non obstante á adxudicación deberá presentar certificado da Xunta de Galicia que acredite como xestora de residuos perigosos.

8(1787).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS CÍVICOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 1592/321.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 30.10.08, conformado polo concelleiro delegado de Contratación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral accidental, que di o seguinte:

Polo servizo de Participación Cidadá remiten proposta de revisión de prezos do contrato do servizo de vixancia de centros cívicos do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 26 de xuño de 2006, acordou adxudicar a Securitas Seguridad España, S.A., os servizos de vixancia dos centros cívicos dependentes da Concellería de participación cidadá, por un importe anual de 75.00,00 euros, e un prazo de dous anos.

No documento do contrato administrativo do contrato establece na cláusula 4 do contrato que o prazo do mesmo comezará o 1 de xullo de 2006, e terá unha duración de dous anos, podendo prorrogarse por períodos anuais ata un máximo de dous.

Na XGL de 10 de marzo de 2008 acordouse prorrogar o contrato para o período comprendido entre 1 de xullo de 2008 e 1 de xullo de 2009, sendo o prezo do contrato prorrogado o de 76.800 euros, mais a revisión que lle corresponda.

A posibilidade de revisión de prezos aparece recollida na cláusula 3ª apartado 3.2 do prego de cláusulas administrativas e no apartado 9 da FEC, establecendo que a revisión do prezo efectuarase aplicando o prezo de adxudicación a variación experimentada polo IPC xeral, no período que medie entre a data de apertura de plicas e a data de revisión.

Na XGL de 26 de novembro de 2007, adoptouse o acordo de revisar o prezo do contrato de referencia, establecendo o mesmo a partir do 1 de xullo de 2007, na cantidade de 76.800,00 euros/ano; para a revisión do período Xullo 2008/2009, deberaselle aplicar o prezo do período anterior (76.800,00 euros/ano) o IPC do período xullo 2007/2008, que segun informe do INE foi de 5,00%, do que se obteñen un prezo revisado de 80.640,00 euros ano.

Polo exposto, previo informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de vixancia dos centros cívicos dependentes da concellería de participación cidadá, adxudicado a empresa Securitas seguridad España, S.A. Por acordo da Xunta de Goberno local de 26 de xuño de 2006, establecendo o mesmo, a partir do 1 de xullo de 2008 ata o 1 de xullo de 2009, na cantidade de 80.640,00 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1788).- BASES PARA OPTAR ÁS PRAZAS DE RESIDENTES NOS APARCADOIROS DAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ, PINTOR COLMEIRO (LOTE 1), ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA CASTELAO (LOTE 2). EXPTE. 18440/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.11.08, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do 18.09.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).

Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006 (PCAP).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

ANTECEDENTES

Na actualidade están en construción na nosa cidade catro dos aparcadoiros obxecto da concesión de servizo público de seis aparcadoiros en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes, en concreto os das rúas Pintor Colmeiro, Policarpo Sanz, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao.

O prazo de execución do aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro é de 16 meses, e a construción do mesmo comezou en data 12 de maio de 2008. Estando previsto no Prego de cláusulas técnicas e administrativas que rexeu o concurso que, a lo menos doce meses antes da posta en servizo de cada un dos aparcadoiros, o Concello proceda a dar publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partir das cales se poden presentar as solicitudes, resulta preciso iniciar o procedemento para cubrir as prazas de residentes.

Dado que no Título VII do PCAP, que regula o uso das prazas de residentes, non están previstos algúns aspectos referentes ó procedemento de selección, é necesario proceder a elaborar unhas bases que desenrolexen ó mesmo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de maio de 2007, acordou a adxudicación do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de seis aparcadoiros subterráneos de uso mixto, en dous lotes de tres, en diversos lugares da cidade de Vigo, segundo o prego de cláusulas técnicas e administrativas e os anteproxectos aprobados polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006. O lote 1, que comprende os aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz e Pintor Colmeiro resultou adxudicado á UTE Eloymar – Tranvías, e o lote 2, que comprende os aparcadoiros das rúas Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e Avenida Castelao, á mercantil COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES S.A. Os contratos foron formalizados en datas 13 de xuño de 2007 e 10 de outubro de 2007 respectivamente.

Segundo.- A explotación destes aparcadoiros será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes. Neste senso, esta previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50% (artigo 2.2 PCAP).

Para poder optar a unha praza de residente, o artigo 92.1 do PCAP prevé que a lo menos doce meses antes da posta en servizo de cada un dos aparcadoiros, segundo previsión que neste senso formule a Dirección facultativa, o Concello proceda a dar publicidade da execución dos aparcadoiros, das condicións de adquisición do dereito de uso, e das datas a partir das cales se poden presentar as solicitudes.

O procedemento para a selección dos residentes e o réxime que rexe a relación entre os residentes e o concesionario está previsto no Título VII do PCAP, que leva por rúbrica “Uso das prazas de residentes”.

Resultando obrigado por imposición do citado artigo 92.1 comezar co procedemento de selección dos residentes, pois un dos aparcadoiros está previsto que entre en servizo en setembro de 2009, ponse de releve a

necesidade de precisar aspectos tales como a documentación a achegar coas solicitudes para que a Administración poda comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos para optar a unha praza, a cantidade que deberá depositarse no momento da formalización da reserva, o carácter da mesma de arras penais para garantir a seriedade das ofertas, a subrogación na mesma dos sucesores en caso de falecemento, as garantías de devolución das mesmas en caso de ser necesario por circunstancias sobrevidas, etc. Así, resulta necesario elaborar unhas bases que desenrolen o citado Título VIII.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCS), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCS).

En mérito ó que antecede, se PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar as bases para a presentación de solicitudes para optar a prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro (lote 1), Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao (lote 2) que se transcribirán a continuación.

2º.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en dous xornais dos de maior tirada do municipio, e na páxina web do Concello, www.vigo.org. Os gastos de publicación dos anuncios pagarannos os concesionarios ”.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases para a presentación de solicitudes para optar a prazas de residentes nos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro (lote 1), Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao (lote 2), que se transcriben de seguido, e os anexos I, II e III obrantes no expediente.

2º.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en dous xornais dos de maior tirada do municipio, e na páxina web do Concello, www.vigo.org. Os gastos de publicación dos anuncios pagarannos os concesionarios.

BASES PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA OPTAR A PRAZAS DE RESIDENTES NOS APARCADOIROS DAS RÚAS AREAL, POLICARPO SANZ, PINTOR COLMEIRO (LOTE 1), ROSALÍA DE CASTRO, JENARO DE LA FUENTE E AVENIDA CASTELAO (LOTE 2)

PRIMEIRA: OBXECTO

O concello de Vigo pretende facilitar ós veciños residentes nas zonas de influencia dos aparcadoiros unha praza de estacionamento para o seu vehículo. Así, a explotación dos mesmos será en réxime de uso mixto, rotatorio e para residentes. Esta previsto que se reserven para uso de residentes en réxime de cesión de uso o 20% das prazas de cada un dos aparcadoiros, excepto no da Avenida Castelao, onde a reserva será do 50%.

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento para optar ó dereito de uso dunha praza de estacionamento nos aparcadoiros das rúas Areal, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro, Rosalía de Castro, Jenaro de la Fuente e avenida Castelao, por un prazo de 50 anos a contar desde a posta en funcionamento de cada un dos aparcadoiros. No non previsto nestas bases rexerá o prego de condicións administrativas particulares.

O número de prazas de residentes dispoñibles en cada un dos aparcadoiros é o seguinte:

- *Aparcadoiro da rúa Areal: 108.*
- *Aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro: 78.*
- *Aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz: 112.*
- *Aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro: 117.*
- *Aparcadoiro de residentes da rúa Rosalía de Castro: 89.*
- *Aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente: 94.*
- *Aparcadoiro da Avenida Castela: 202.*

SEGUNDA: REQUISITOS PARA PODER OPTAR Ó DEREITO DE USO DUNHA PRAZA DE APARCAMENTO

- a) *Ser persoa física.*
- b) *Dispoñer dun vehículo susceptible de utilizar o aparcadoiro.*
- c) *Estar empadroado e ter residencia efectiva na data da convocatoria na área de influencia fixada para cada aparcadoiro no anexo II do Prego de cláusulas técnicas e administrativas do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade (PCAP), aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo de data 14 de agosto de 2006. Os planos das respectivas áreas de influencia de cada un dos aparcadoiros poderán consultarse no Rexistro Xeral ou na páxina web do Concello <http://www.vigo.org>*
- d) *Non ter concedida unha praza de residentes en cesión en uso noutro aparcadoiro público, salvo renuncia ó dereito de uso anterior.*
- e) *Presentar toda a documentación requirida nestas bases en prazo.*

TERCEIRA: SOLICITUDE

a.- Presentación:

Formalizarase no modelo de solicitude establecido a tal fin (modelo Anexo I) e presentarase ou ben no Rexistro Xeral do Concello, ou ben por algunha das outras formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes terán que acompañarse da seguinte documentación:

- a) *Fotocopia do DNI do solicitante.*
- b) *Domicilio do solicitante. A Administración procederá a comprobar este dato co Padrón municipal.*
- c) *Permiso de circulación do vehículo para o que se solicita a praza. En caso de que o vehículo non pertenza ó solicitante deberá achegarse unha autorización para o seu uso concedida polo propietario, ou, no seu caso, copia do contrato de leasing ou renting.*
- d) *Declaración responsable de non ter en uso unha praza noutro aparcadoiro de residentes ou, en caso contrario, copia compulsada do escrito de renuncia ó dereito de uso anterior (modelo Anexo II).*
- e) *En caso de optar a unha praza reservada para residentes con minusvalía no aparello locomotor, deberá presentarse un certificado da minusvalía emitido polo organismo correspondente.*

Todas as fotocopias que se entreguen deberán ser compulsadas ou ben ser cotexadas co seu orixinal.

b.- Prazo de presentación:

O prazo para entregar as solicitudes é de dous meses, e o computo do mesmo comezará o día seguinte ó da publicación das presentes bases no BOP de Pontevedra.

CUARTA: PROCEDEMENTO

Rematado o prazo de presentación de instancias pola Unidade de Patrimonio do Concello efectuarase unha comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixidos.

Se se observase a falla de documentación nalgunha das solicitudes presentadas, a Administración procederá a requirir por escrito ó solicitante a súa presentación no prazo de 10 días dende a recepción da comunicación, indicándoselle que de non aportala se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada polo Concelleiro Delegado da Área de xestión municipal, nos termos previstos no artigo 71 da lei 30/92 de 26 de novembro.

Unha vez comprobada a documentación, se publicara no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello unha lista provisional de admitidos e excluídos por non reunir os requisitos esixidos nas presentes bases, e se abrirá un prazo de 10 días para formular reclamacións.

Rematado o proceso anterior, unha vez resoltas as reclamacións, realizarase un sorteo público entre os solicitantes, que determinará a orde de prelación para escoller praza. A data do sorteo se publicará con 10 días de antelación no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. No acto do sorteo o Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, ou persoa en quen delegue, elixirá ó chou unha solicitude das presentadas para cada un dos aparcadoiros, e numeraranse os demais solicitantes por orde alfabético de apelidos a partir do seleccionado. Do resultado do sorteo levantará acta o Titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local.

Se houbese maior número de solicitudes que de prazas, unha vez asignadas as mesmas se confeccionará unha lista de espera de solicitantes para cubrir futuras vacantes. Esta lista se irá incrementando coas novas solicitudes que se presenten unha vez finalizado o presente procedemento de selección. Estas novas solicitudes se presentarán acompañadas da documentación requirida nestas bases. Caso de non reunir a solicitude os requisitos esixidos na presente convocatoria se lle concederá ó solicitante un prazo de dez días para subsanación de deficiencias, consonte o previsto no artigo 71 da lei 30/92 de 26 de novembro. Os novos solicitantes se incorporarán á lista segundo o orden de presentación da solicitude, seguindo a orde correlativo o último da lista. A administración, unha vez comprobado que a solicitude reúne os requisitos esixidos, dará traslado da mesma ó concesionario para que inclúa o solicitante na lista de espera. O concesionario unha vez rectificadada a lista coas novas solicitudes, a presentará no Concello para o seu visado.

A lista definitiva de solicitantes expoñerase no Taboleiro de anuncios da corporación así como na web por prazo de 10 días, e notificarase ós que resultasen adxudicatarios dunha praza por carta certificada con acuse de recibo, ou, en caso de que resultase infrutuosa a notificación por este medio, por editos, publicados no BOP Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello, para que no prazo de 15 días naturais comparezan na sede social do concesionario para subscribir a reserva de praza (modelo Anexo III), entendéndose que renuncia o seu dereito de non comparecer en dito prazo.

QUINTA: PREZO

Os prezos da cesión de uso das prazas é o seguinte:

- *Aparcadoiro da rúa Areal: 27.000 €.*

- *Aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro: 18. 000 €.*
- *Aparcadoiro da rúa Policarpo Sanz: 33. 000 €.*
- *Aparcadoiro da rúa Rosalía de Castro: 38. 500 €.*
- *Aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente: 26. 000 €.*
- *Aparcadoiro da Avenida Castelao: 27. 000 €.*

Este prezo foi fixado con referencia a xaneiro de 2006, e será revisado conforme o incremento do índice de prezos ó consumo fixado polo Instituto Nacional de Estadística no momento da formalización do contrato.

Se aboará un importe de 2.500 € ó formalizar a reserva e a cantidade restante no momento de formalización do contrato.

O contrato formalizarase un mes antes da posta en funcionamento de cada un dos aparcadoiros. O concesionario deberá comunicar ós interesados por correo certificado con acuse de recibo o prazo para que comparezan na súa sede social para a formalización do contrato, prazo que en ningún caso será inferior a 15 días. O concesionario deberá remitir copia dos contratos asinados á Administración municipal no prazo dos 15 días seguintes á súa formalización.

En caso de renunciar a praza reservada antes da formalización do contrato se perderá a sinal entregada ó formalizar a reserva.

SEXTA: EXTINCIÓN DO DEREITO DE RESERVA

Son causas de extinción da presente reserva:

- 1) *A renuncia do interesado á formalización do Contrato de cesión de uso. Entenderase que renuncia se notificado en forma, non comparece no prazo de 15 días naturais na sede social do concesionario para subscribir o contrato.*
- 2) *A non finalización das obras de construción do aparcadoiro por causas sobrevidas.*
- 3) *Extinción por calquera causa da concesión administrativa.*

Nos supostos de extinción da reserva se dará ás cantidades entregadas a seguinte aplicación:

- a) *Perdida da totalidade do entregado polo residente en beneficio da concesionaria, en caso de renuncia de este. Neste suposto quedará sen efecto a presente reserva de forma automática e sen necesidade de requirimento ningún, adxudicándose a praza obxecto de reserva ó primeiro da lista de espera.*
- b) *Devolución ós residentes da cantidade entregada no caso de que a obra non finalizase ou extinción da concesión administrativa.*

SÉTIMA: MEDIDAS DE GARANTÍA

No momento da formalización da reserva poderá esixirse ó concesionario aval bancario para garantir a devolución do importe da mesma en caso de extinción do dereito de reserva por causas que non lle sexan imputables ó seu titular, sendo de conta do solicitante os gastos do aval.

OITAVA: COTAS TRIMESTRAIS

O titular do dereito de cesión de uso deberá satisfacer ó cesionario trimestralmente un importe de 90 €, no caso dos aparcadoiros comprendidos no lote 1, e de 93,2 € no caso dos aparcadoiros comprendidos no lote 2,

co obxecto de contribuír ós gastos do aparcadoiro relativos ó mantemento, limpeza, conservación, subministros, seguros, vixilancia, e calquera outro similar, cantidade que será esixida polo concesionario ó inicio do correspondente trimestre.

Esta cota foi fixado con referencia a xaneiro de 2006 e será incrementada anualmente, a data 1 de xaneiro, conforme a variación porcentual experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo fixado polo Instituto Nacional de Estadística para Galiza no ano natural inmediatamente anterior ó da actualización.

No suposto de producirse reparacións extraordinarias que excedan o mantemento ordinario do aparcadoiro, o concesionario, previa autorización do órgano de contratación, poderá facturar adicionalmente estes gastos ós cesionarios, na proporción que corresponda, e na contía que, examinada a proposta do concesionario, sinale o órgano de contratación no acordo de autorización.

NOVENA: DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

O órgano de contratación procederá a aprobar con carácter previo á posta en funcionamento dos aparcadoiros un regulamento de usuarios.

O concesionario facilitará un exemplar do mesmo a cada un dos cesionarios no momento da formalización dos seus respectivos contratos.

DÉCIMA: TRANSMISIÓN DO DEREITO DE USO

No suposto de que o cesionario desexe transmitir voluntariamente a súa praza ou ben se estivera incurso nun dos supostos de transmisión forzosa impostos polo Prego de cláusulas técnicas e administrativas, deberá solicitálo ó Concello de Vigo.

A solicitude será formulada polo transmitinte, ou no seu caso, polos seus herdeiros, e deberá asinala tamén ó adquirente. Coa mesma se presentará a documentación esixida na base terceira con respecto ó adquirente, así como a documentación especificada para cada suposto concreto nesta base. A administración municipal unha vez aprobada a transmisión lle dará traslado ó concesionario para a súa formalización no prazo dos 15 días seguintes. Unha vez formalizada se remitirá copia dos contratos asinados ó Concello no prazo dos 15 días seguintes.

A transmisión voluntaria do dereito de uso só pode efectuarse:

a) *Entre familiares:*

Sempre que residan na vivenda á que se asignou a praza. Neste suposto, deberá acreditarse a relación de parentesco co transmitinte.

b) *Entre non familiares:*

Neste suposto a transmisión se efectuará a favor do primeiro da lista de espera. No seu defecto, se transmitirá á persoa residente na Área de Influencia.

A transmisión do dereito de uso das prazas de estacionamento é obrigatoria nos seguintes supostos:

1) *Por perda do carácter de residente na área de influencia unido á venda da vivenda.*

O titular estará obrigado á transmisión do dereito de uso ó comprador da vivenda e, en caso de renuncia deste ou ben no suposto de non sexa residente na área de influencia do respectivo aparcadoiro, ó primeiro da lista de espera. No caso de transmitirse ó comprador deberá presentarse coa solicitude copia do contrato de compravenda.

2) *Perda do carácter de residente na área de influencia non unido á venda da vivenda.*

O titular estará obrigado á venda do dereito de uso ó primeiro da lista de espera, excepto no caso de transmisión voluntaria a un familiar.

3) *Por venda da vivenda, sen perder o carácter de residente na área de influencia.*

O titular non estará obrigado a ceder o dereito de uso, pero en caso de querer transmitilo, estaría obrigado á transmitilo ó primeiro da lista de espera, excepto no caso de transmisión voluntaria a un familiar.

4) *Por finamento do titular.*

Se hai herdeiros residentes na vivenda á que se asignou a praza, seríalles asignado o seu dereito de uso.

De non existir herdeiros residentes na vivenda á que se asignou a praza, estes deberán ceder o dereito de uso ó primeiro da lista de espera.

Neste caso, coa solicitude deberá presentarse copia do certificado de defunción.

En caso de transmisión, tanto voluntaria como forzosa, o Concello de Vigo fixará o prezo. Os prezos das prazas de estacionamento, desde a data da posta en servizo ata o fin da concesión, diminuirán linealmente en función dos anos transcorridos da concesión e se revalorizarán anualmente en función das variacións experimentadas polo IPC ou índice que o substitúa, de acordo coa seguinte fórmula:

$$PN=PO. (1-(N:C).I)$$

Onde:

PN: Prezo da praza o ano “N” da concesión.

PO: Prezo da praza na data do comezo da concesión.

N: Número de anos de concesión transcorridos.

C: Número de anos da concesión (50)

I: Índice de prezos ó consumo entre o ano “N” e o ano “O” publicados polo INE ou organismo que o substitúa.

Os cambios de titularidade que se realicen sen a autorización do Concello de Vigo consideraranse nulos, constituíndo falta grave que será sancionada coa perda do dereito de uso.

De non existir ningunha persoa que reúna as condicións indicadas, o titular deberá seguir facendo fronte ós compromisos económicos concertados coa empresa concesionaria e ós gastos que ocasione o mantemento do aparcadoiro, e pode continuar utilizando a praza, quedando prohibidos tanto a cesión como o arrendamento.

Rexerán as mesmas regras respecto á transmisión voluntaria e forzosa da reserva formalizada.

DÉCIMO PRIMEIRA: CAMBIO DE VEHÍCULO

En caso de que o usuario cambie o vehículo para o que solicitou a praza deberá comunicalo por escrito ó concesionario no prazo dos 15 días seguintes, achegando o permiso de circulación do novo vehículo.

DÉCIMO SEGUNDA: SEGUNDA PRAZA POR VIVENDA

En caso de que non resultaran cubertas todas as prazas de residentes nos diferentes aparcadoiros coas solicitudes presentadas, a petición do concesionario, o órgano de contratación poderá ampliar á área de influencia de cada un deles, e se así tampouco se cubrise a totalidade das prazas ofertadas, se poderá autorizar unha segunda praza por vivenda. Para optar a esta segunda praza é preciso que os interesados o manifesten na súa solicitude.

O número de orde das solicitudes de segundas prazas será correlativo ós das primeiras prazas segundo o orde alfabético que resulte do sorteo.

10(1789).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO SERVIZO PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACTUACIÓN PARA A OPTIMIZACIÓN DO TRANSPORTE COLECTIVO URBANO DE VIGO. EXPTE. 74352/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 5.11.08, conformada pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a Strategy Planning Implementation Management, S.L. (SPIN) a execución do servizo para a elaboración dun plan de actuación para a optimización do transporte colectivo urbano de Vigo. (expte 74352-210) por un prezo total de 57.500 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15.09.2008 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inxerción no perfil do contratante do presente acordo o adxudicatario provisional tera que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obtera de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

11(1790).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda devolver ás seguintes fianzas, xa que as obras e servizos foron executados conforme ás condicións dos pregos que rexeron as contratacións e por transcorrer os prazos de garantía:

A) Devolver a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (COVSA):

- A fianza por importe de 2.286,73 € constituída para responder da construción de beirarrúas na rúa Saa-Beade, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 28.02.07. Expte. 788/443.
- A fianza por importe de 686,61 € constituída para responder das obras de mellora de pavimento da rúa Manuel de Cominges. Expte. 2507/241.
- A fianza por importe de 1.329,01 € constituída para responder das obras de acondicionamento de terreo no lugar de Fontiñas-Cabral. Expte. 2508/241.
- A fianza por importe de 355,55 € constituída para responder das obras de mellora do firme do cño. Gandarón. Expte. 2509/241.
- A fianza por importe de 907,72 € constituída para responder da subministración de aglomerados. Expte. 2510/241.
- A fianza por importe de 757,28 € constituída para responder da subministración de aglomerados. Expte. 56962/250.

B) Devolver a IDOM S.A. a fianza por importe de 2.280, € constituída para responder da elaboración de estudo económico sobre ubicación do estadio de fútbol de Balaídos. Expte. 2503/241.

C) Devolver a VIPROSERSA a fianza por importe de 1.198,40 € constituída para responder da subministración de placas con nomes de rúas. Expte. 2511/241.

D) Devolver a PRIMETIME S.L.a fianza por importe de 2.321,10 € constituída para responder do desenvolvemento do programa Castrocativo. Expte.. 2512/241.

12(1791).- RECOÑECIMENTO DE GRAO DE PERSOAL Á EMPREGADA LABORAL D^a M^a DOLORES BARCIELA FERNÁNDEZ. EXPTE. 18513/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 5.11.08, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 22.10.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 8 de setembro de 2008, a traballadora municipal D^a M^a Dolores Barciela Fernández, con n^o de persoal 23691, auxiliar administrativa en réxime laboral, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao complemento de destino 18, motivado no desenvolvemento durante máis de dous anos do posto de traballo de auxiliar administrativa na Alcaldía.

Consultado o expediente persoal da interesada, púidose comprobar que por Decreto da Alcaldía-Presidencia de 8 de xullo do 2005 –aplicatorio das modificacións en nómina derivadas da aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2005 (BOP n^o 108, do martes 7 de xuño do 2005)- a traballadora citada foi adscrita ao posto de traballo denominado “auxiliar alcaldía réxime laboral”, código 286, con efectos do 1 de xullo do mesmo ano. O dito posto, segundo consta na fotocopia da RPT 2005 mencionada, tiña asignado como parte das retribucións complementarias propias do posto un nivel de complemento de destino 18; posto que foi desempeñado pola traballadora ata o pasado 30 de setembro do 2008, como así se dispuxo en Decreto do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 30 de setembro do 2008 dispoñendo o cambio de adscrición a un posto vacante no Servizo de Vías e Obras con efectos do 1 de outubro.

Fundamentos xurídicos:

I.-De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexerese polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respetarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non esté reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo

durante 2 anos continuados outres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.-Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer á traballadora D^a María Dolores Barciela Fernández, con núm. persoal 23691, auxiliar administrativa en réxime laboral, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 18, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto de traballo superior en dous niveis ao grao inicial (16) por ter estado adscrita provisionalmente ao posto de traballo denominado “auxiliar Alcaldía réxime laboral” código 286 da RPT correspondente ao ano 2005, dende o 1 de outubro de 2004 ata o 30 de setembro de 2008, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1792).- AUTORIZACION A D^a CARMEN SALGADO LÓPEZ DE PERMISO RETRIBUIDO DE 30 DÍAS NATURAIS DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NO ART. 76.1.K) DO DECRETO L. 1/2008. EXPRE. 18561/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 10.11.08, que di o seguinte:

Con data 10 de novembro 2008, D^a Carmen Salgado López, con número de persoal 19235, auxiliar de administración xeral, adscrita á Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita se lle conceda un permiso de 30 días naturais para atender o coidado do seu marido por enfermidade moi grave, atendendo o previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia.

A interesada aporta o correspondente informe médico.

O art. 76.1.k) do Decreto legislativo 1/2008, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a Carmen Salgado López, con número de persoal 19235, auxiliar de administración xeral, adscrita á Xerencia Municipal de Urbanismo, un permiso retribuído de 30 días naturais, de conformidade co previsto no art. 76.1.k), para atender ao coidado do seu pai, no período comprendido entre o 10 de novembro e o 9 de decembro de 2008.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(1793).- GRATIFICACIÓN POR DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO-2008. EXPTE. 18571/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 13.11.08, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 11.11.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro-delegado da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 118.423,77 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00- GRATIFICACIÓNS ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVIZO	MES	RELACIÓN	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Cemiterios	Outubro	De Jesús Alfonso Sanmartín a Delmiro Vilanova Acuña	2.222,44	0,00	2.222,44
Museo	Outubro	De José M. Ogando López a Andrés González Bello	427,40	0,00	427,40
1ª Tenencia Alcaldía	Outubro	De Juan Pablo Alonso Rodríguez	180,78	116,60	297,38
Bombeiros	Outubro	De Carlos Abalde Fernández a José Villaverde Beleiro	26.629,68	17.384,00	44.013,68
Montes, Parques e Xardíns	Outubro	De Alfonso Casas Iglesias a Don José L. Vidal Álvarez	1.450,17	866,55	2.316,72
Parque Central	Outubro	De Miguel Angel Alonso	892,11	739,35	1.631,46
Policia Local	Outubro	De Pablo Antepazo Brun a Francisco José Vila Camposº	3.683,46	388,31	4.071,77
Policia Local	Outubro	De Constante Alonso Caride a Juan G. Vivero Mijares	5.219,04	0.00	5.219,04
Policia Local	Outubro	De Iván Abalde Casanova a Aida Villar Silva	28.359,02	24.930,61	53.289,63
Limpeza	Outubro	De Juan José Hermida Sanmartin a José Manuel Lojo Pancorbo	353,70	824,15	1.177,85
Electromecánicos	Xullo	De Damaso Arias Rodríguez	62,88	286,20	349,08
Electromecánicos	Setembro	De Damaso Arias Rodriguez	70,74	341,85	412,59
Conserxería	Setembro	De Mª Teresa Vaqueiro Herbelo	7,86	0,00	7,86
Conserxería	Outubro	De Mª Teresa Vaqueiro Herbelo	39,30	0,00	39,30
Alcaldía	Outubro	De Basilio Costas Fernández a Cesáreo Rocha Paramés	459,81	109,98	569,79
Parque Móbil	Outubro	De Amador Alvarez Bernardez a J. Genaro Vulcano Ferreira	1.084,68	1.226,29	2.310,97
A este respecto o técnico municipal conclúe que “a solicitude de modificación do Proxecto de Urbanización do PERI II-05 suporía en realidade unha Modificación Puntual do Planeamento PERI II-05 ROCÍO, incorporado ao PXOM como API-40, non concorrendo razóns de interese público suficientemente xustificadas para iniciar un proceso da complexidade dunha modificación puntual.

Desde o punto de vista técnico non hai inconveniente a que a parcela RB-1 se edifique coas condicións urbanísticas establecidas no PERI II-05 ROCÍO.”

Xa que logo, proponse a desestimación da solicitude formulada para a modificación puntual do proxecto de urbanización na parcela RB-1 do PERI II-05 ROCÍO, á que acompaña documentación técnica asinada polos arquitectos don Teodoro de Francisco Antes, don Juan Manuel Iglesias Portela e don Alejandro González González, con visado do colexio oficial correspondente de data 19/08/08.

III. Competencia:

É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1.d) da Lei reguladora das bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

En virtude do exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar, consonte cos fundamentos técnicos e xurídicos anteriormente expostos, a solicitude presentada pola entidade mercantil PICOSUR, SL, para a modificación puntual do proxecto de urbanización na parcela RB-1 do PERI II-05 ROCÍO, segundo documentación técnica asinada polos arquitectos don Teodoro de Francisco Antes, don Juan Manuel Iglesias Portela e don Alejandro González González, con visado do colexio oficial correspondente de data 19/08/08.

SEGUNDO: Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos interesados no expediente, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo máximo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ambos os dous contados a partir da recepción da notificación do presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

38(1817).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A D. CARLOS SOTO ALVAREZ. EXPTE. 18367/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do interventor xeral acctal., do 20.08.09, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 18.07.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recíbese no servizo de persoal o documento nº 80030471 “Funcions do coordinador de servizos xerais: Carlos Soto Alvarez”, no que se inclue proposta da Concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras no senso de que “polo desenvolvemento das súas funcions como coordinador da área de Servizos Xerais e Vías e obras, se aprobe o gasto de 6.708,60 €, coas deducións que correspondan, a favor de D. Carlos Soto Álvarez, en concepto de produtividade, resultado da diferenza de retribución acumulada no trimestre que vai dende o 1 de decembro de 2007 ata o día 29 de febreiro de 2008”

Asi mesmo contén dilixencia do Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal de data 11 de marzo de 2008, pola que se presta conformidade á citada proposta da Concelleira delegada da área de servizos xerais e Vías e obras, dispoñendo a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previa remisión á Intervención Xeral.

A Intervencion Xeral, en data 22 de maio de 2008, remite o expediente ao servizo de Persoal, para a súa tramitación con arreglo aos tramites que lle sexan de aplicación, segundo os procedementos legais da tramitación administrativa.

En data 6 de xuño de 2008, recibese no Servizo de Persoal o documento nº 80070679, que contén informe da Concelleira de Servizos Xerais e Vías e Obras no que se propón á Xunta de Goberno Local polo desenvolvemento das súas funcións como “coordinador da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras” a aprobación dun gasto por importe de 6.808,98 €, coas deducións que correspondan, a favor de D. Carlos Soto Álvarez, en concepto de produtividade, resultado da diferenza de retribución acumulada no trimestre que vai dende o 1 de marzo ao 31 de maio de 2008.

O Concelleiro-delegado de Xestión Municipal o 2 de agosto de 2007 resolveu :

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente ao técnico de admón. especial D. Carlos Soto Álvarez, ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Alcaldía, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico (prorrogados).

Segundo.- Dispoñer a readscripción do posto de traballo citado de “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, á Unidade Administrativa da Alcaldía, onde desenvolverá as funcións propias do referenciado posto, e consecuentemente autorizar a transferencia de crédito do posto traballo de “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075, ubicado no Servizo de Turismo, Comercio e Industria, á Unidade Administrativa de Alcaldía (código de servizo 101) de conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co obxecto de adecua-las partidas orzamentarias ao cambio funcional antedito.

A modificación que orixina a referida readscripción deberá ser incorporada pola Unidade de Persoal na vindeira Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprrobe.

Terceiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación dos diferentes servizos e unidades administrativas que integran a Área de Servizos Xerais e Vías e Obras a D. Carlos Soto Álvarez, quen ademáis prestará asesoramento á Concelleira-delegada da dita Área, Sra. Abelairas Rodríguez.”

Da devandita Resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 1 de outubro de 2008.

Asi mesmo, en escrito da Concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras ao Concellerío de Xestión Municipal de data 25 de outubro de 2007 maniféstase a necesidade de creación do órgano directivo denominado “Coordinador xeral da Área de servizos xerais”, ao abeiro do disposto no art. 130 da Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto aos municipios de grande poboación. Dito órgano realizaría as funcións de transmisión dos obxectivos políticos definidos pola concellería delegada, a aplicación dos mesmos e a coordinación de tódolos servizos que constitúen a área.

Exponse asimesmo que, dado o longo proceso que supón a elaboración e aprobación do Regulamento Orgánico Municipal que permita a creación do órgano proposto, e baseándose no art.73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, poderían asignarse a D. Carlos Soto Álvarez funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ao seu posto de traballo, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen, e sen merma das súas retribucións, sempre que o coñecemento das funcións que se deben desenvolver no posto esté ao alcance da persoal nomeada, dado que ésta está a desenvolver as funcións de coordinador da área de servizos xerais dende o 8 de agosto de 2008, data da resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de xeito adecuado e correcto, sempre a xuízo da concelleira delegada, e atendendo á idoneidade e aos principios de mérito e capacidade que esixe o desenvolvemento do posto .

Proponse que D. Carlos Soto Álvarez deberá percibir en concepto de produtividade e dende o día do seu nomeamento unha remuneración por todos os conceptos retribuíbles equivalente ao que lle correspondería a un posto de xefe de área, máis trescentos euros. Dita remuneración aboarase con carácter semestral ou ata que se teña aprobado o Regulamento orgánico municipal e se contemple a figura de coordinador da área de servizos xerais.

Posteriormente, a Xunta de Goberno na súa sesión de data 10 de decembro de 2007, a proposta da concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 3 de setembro de 2007, acordou:

“1º.- Que en tanto non se teña aprobado o Regulamento Orgánico Municipal do concello de Vigo, se aprrobe a remuneración do posto de coordinador da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras nunha cuantía correspondente á que lle correspondería á persoa nomeada de ser xefe de Área máis trescentos euros mensuais, que na- mentres, se satisfarán polo concepto de produtividade.

2º.- Aprobar o gasto de 8.604,61 € coas deducións que correspondan, a favor de D. Carlos Soto Álvarez en concepto de produtividade, resultado da diferenza de retribución acumulada a data 30 de novembro.

Este acordo queda condicionado á existencia de consignación presupostaria.”

A proposta anterior non foi realizada por este servizo de Persoal, descoñecendo a tramitación seguida polo expediente mencionado, e igualmente si consta ou non o correspondente informe de fiscalización.

Ata a data aínda non ten sido aprobado o Regulamento Orgánico municipal adaptado ás modificacións operadas pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, introductoria do réxime xurídico e organizativo dos municipios de grande poboación, e consecuentemente non existe o órgano directivo de “coordinador da área de servizos xerais”, estimándose oportuno sinalar que debe valorarse a necesidade de proceder á súa tramitación e conseguinte aprobación, aos efectos tanto de mellora do funcionamento interno do Concello consonte á lexislación vixente como de regularización deste tipo de situacións provisionais e anómalas que se estan a producir, co fin de evitar a súa perpetuación.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

Por outra banda, nos escritos da Concelleira delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras de data 7 de marzo e 3 de xuño, sinálase que D. Carlos Soto Álvarez ven desempeñando con carácter exclusivo o seu traballo como Coordinador da Área de Servizos xerais e Vías e Obras.

Non consta neste servizo resolución algunha pola que o xefe da unidade administrativa de Alcaldía pase a realizar as funcións de “coordinador da área de servizos xerais” de xeito exclusivo, polo cal debe facerse constar que dado que o referido traballador municipal percibe mensualmente e con carácter íntegro as retribucións propias do citado posto de traballo de “xefe/a da Unidade Administrativa de Alcaldía”, existente na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, deberá obrigatoriamente realizar as funcións propias do mesmo na dita unidade de Alcaldía, con independencia das indeterminadas funcións de apoio e asistencia persoal á Concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e de Vías e Obras que lle foron encomendadas no seu día e que se supón foron voluntariamente aceptadas polo mesmo, nas condicións en que foron aceptadas, dado que non existía nin existe na actualidade o órgano directivo ao cal se se fai referencia nos escritos nin posto de traballo na RPT municipal que se lle asemelle.

Non obstante o antedito, o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 10 de decembro do 2008 establece literalmente que “en tanto non se teña aprobado o Regulamento Orgánico Municipal do concello de Vigo, se aprobe a remuneración do posto de coordinador da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras nunha cuantía correspondente á que lle correspondería á persoa nomeada de ser xefe de Área máis trescentos euros mensuais, que namentres, se satisfarán polo concepto de produtividade”; acordo que na data de hoxe ten carácter firme e executivo nos termos do disposto nos artigos 56 e 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado por Lei 4/1999, dado que non consta que teña sido recorrido nin en vía administrativa segundo o réxime de recursos previsto na dita Lei nin segundo os previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En consecuncia, e dado que no presente suposto a apreciación das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, en canto a que o traballador adscrito ao posto de xefe da Unidade administrativa da Alcadia ven realizando, por decisión do Goberno

Municipal as funcións que debería realizar o órgano directivo de Coordinador da área de servizos xerais, unha vez que o mesmo fose creado, xa foi realizada directamente polo órgano competente para a asignación do complemento de produtividade (Xunta de Goberno Local) como así consta no acordo do 10 de decembro do 2008 sen previa proposta da Unidade de Persoal, ás funcionarias suscribintes non resta máis que propoñer a estricta execución do mesmo nos seus propios termos.

De todolos xeitos, en ningún caso as contías asignadas por dito complemento de produtividade durante un período de tempo devengarán dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

As retribucións do posto de xefe de área (A CD 28 CE 63) no ano 2007, contaban coas seguintes retribucións anuais:

Basicas: 15579,76 €

C.D.: 11755,10 €

C.E.: 37437,96 €

O posto de xefe da unidade administrativa da Alcaldía (B CD 26 CE 14), no ano 2007, percibía as seguintes retribucións anuais:

Basicas: 13222,72 €

C.D.: 9859,92 €

C.E.: 20069,42 €

Polo que a diferenza mensual entre ambos postos máis os 300 € mensuais, tal e como acordou a Xunta de Goberno local, supón un total de 1844,54 € para o período de decembro de 2007

Con respecto ao ano 2008, as retribucións anuais dos postos son:

Xefe de Área (A CD 28 CE 63):

Basicas: 15891,54 €

C.D.: 11990,30 €

C.E.: 39473,42 €

Xefe Unidade Administrativa da Alcaldía (B CD 26 CE 14):

Basicas: 13487,18 €

C.D.: 10057,18 €

C.E.: 21754,60 €

A diferenza mensual entre ambos postos máis os 300 € mensuais, tal e como acordou a Xunta de Goberno local, supón un total de 25656,30 € anuais.

Nas instrucións de plantilla vixentes recollese que o aboamento das produtividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do acordo regulador.

Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, D Carlos Soto Alvarez disfrutou de permiso retribuído ou vacacións dende o 2 ao 25 de xaneiro de 2008 e non tivo ningunha baixa por incapacidade temporal no período comprendido entre o 1 de decembro de 2007 e o 31 de maio de 2008.

Polo tanto, os importes a oercibir e concepto de produtividade polo empregado municipal D Carlos Soto Alvarez supoñen un total de 11038.06 €, para o período comprendido entre o 1 de decembro de 2007 e o 31 de maio de 2008.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non puidendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

En consecuencia, e previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, e como xa se sinalou anteriormente en estricta execución dos acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro do 2008 nos seus propios termos, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Em cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2007, recoñecer ao funcionario D. Carlos Soto Álvarez, adscrito ao postos de traballo de xefe/a da Unidade administrativa de Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 11038.06 € euros, en relación ao período comprendido entre 1 de decembro de 2007 ao 31 de maio de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(1818).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A D. CARLOS SOTO ALVAREZ. EXPTE. 18538/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 15.10.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Recibido Documento nº 80122530 “Funcions do coordinador de servizos xerais: Carlos Soto Alvarez do cuatrimestre xuño, xullo, agosto e setembro 2008”, no que se inclúe proposta da Concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras no senso de que “polo desenvolvemento das súas funcions como coordinador da área de Servizos Xerais e Vías e obras, se aprrobe o gasto de 9078.64 €, coas deducións que correspondan, a favor de D. Carlos Soto Álvarez, en concepto de produtividade, resultado da diferenza de retribución acumulada no cuatrimestre que vai dende o 1 de xuño ao día 30 de setembro de 2008”

Informase:

O Concelleiro-delegado de Xestión Municipal o 2 de agosto de 2007 resolveu :

“Primeiro.- Adscribir provisoriamente ao técnico de admón. especial D. Carlos Soto Álvarez, ao posto de traballo denominado “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, debido á urxencia na cobertura do mesmo fundamentada na inaprazabilidade de desenvolvemento das funcións inherentes ao dito posto de traballo dentro do organigrama administrativo da Alcaldía, toda vez que se trata dun posto de libre designación consonte ao disposto na Base 34ª das Bases de Execución dos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico (prorrogados).

Segundo.- Dispoñer a readscripción do posto de traballo citado de “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, á Unidade Administrativa da Alcaldía, onde desenvolverá as funcións propias do referenciado posto, e consecuentemente autorizar a transferencia de crédito do posto traballo de “Xefe/a da Unidade Administrativa da Alcaldía”, código 075, ubicado no Servizo de Turismo, Comercio e Industria, á Unidade Administrativa de Alcaldía (código de servizo 101) de conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, co obxecto de adecua-las partidas orzamentarias ao cambio funcional antedito.

A modificación que orixina a referida readscripción deberá ser incorporada pola Unidade de Persoal na vixente Relación de Postos de Traballo que se elabore e aprobe.

Terceiro.- Encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de coordinación dos diferentes servizos e unidades administrativas que integran a Área de Servizos Xerais e Vías e Obras a D. Carlos Soto Álvarez, quen ademais prestará asesoramento á Concelleira-delegada da dita Área, Sra. Abelairas Rodríguez.”

Da devandita Resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 1 de outubro de 2008.

Así mesmo, en escrito da Concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras ao Concellerío de Xestión Municipal de data 25 de outubro de 2007 maniféstase a necesidade de creación do órgano directivo denominado “Coordinador xeral da Área de servizos xerais”, ao abeiro do disposto no art. 130 da Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto aos municipios de grande poboación. Dito órgano realizaría as funcións de transmisión dos obxectivos políticos definidos pola concellería delegada, a aplicación dos mesmos e a coordinación de tódolos servizos que constitúen a área.

Exponse asimesmo que, dado o longo proceso que supón a elaboración e aprobación do Regulamento Orgánico Municipal que permita a creación do órgano proposto, e baseándose no art.73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, poderían asignarse a D. Carlos Soto Álvarez funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ao seu posto de traballo, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen, e sen merma das súas retribucións, sempre que o coñecemento das funcións que se deben desenvolver no posto esté ao alcance da persoal nomeada, dado que ésta está a desenvolver as funcións de coordinador da área de servizos xerais dende o 8 de agosto de 2008, data da resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de xeito adecuado e correcto, sempre a xuízo da concelleira delegada, e atendendo á idoneidade e aos principios de mérito e capacidade que esixe o desenvolvemento do posto .

Propónse que D. Carlos Soto Álvarez deberá percibir en concepto de produtividade e dende o día do seu nomeamento unha remuneración por todos os conceptos retribuíbles equivalente ao que lle correspondería a un posto de xefe de área, máis trescentos euros. Dita remuneración aboarase con carácter semestral ou ata que se teña aprobado o Regulamento orgánico municipal e se contemple a figura de coordinador da área de servizos xerais.

Posteriormente, a Xunta de Goberno na súa sesión de data 10 de decembro de 2007, a proposta da concelleira da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 3 de setembro de 2007, acordou:

“1º.- Que en tanto non se teña aprobado o Regulamento Orgánico Municipal do concello de Vigo, se aprobe a remuneración do posto de coordinador da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras nunha cuantía correspondente á que lle correspondería á persoa nomeada de ser xefe de Área máis trescentos euros mensuais, que na- mentres, se satisfarán polo concepto de produtividade.

2º.- Aprobar o gasto de 8.604,61 € coas deducións que correspondan, a favor de D. Carlos soto Alvarez en concepto de produtividade, resultado da diferenza de retribución acumulada a data 30 de novembro. Este acordo queda condicionado á existencia de consignación presupostaria.”

A proposta anterior non foi realizada por este servizo de Persoal, descoñecendo a tramitación seguida polo expediente mencionado, e igualmente si consta ou non o correspondente informe de fiscalización.

Ata a data aínda non ten sido aprobado o Regulamento Orgánico municipal adaptado ás modificacións operadas pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, introductoria do réxime xurídico e organizativo dos municipios de grande poboación, e consecuentemente non existe o órgano directivo de “coordinador da área de servizos xerais”, estimándose oportuno sinalar que debe valorarse a necesidade de proceder á súa tramitación e conseguinte aprobación, aos efectos tanto de mellora do funcionamento interno do Concello consonte á lexislación vixente como de regularización deste tipo de situacións provisionais e anómalas que se están a producir, co fin de evitar a súa perpetuación.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.Un.apartado E) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2008, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

Por outra banda, nos escritos da Concelleira delegada de Servizos Xerais e Vías e Obras de data 7 de marzo e 3 de xuño, sinálase que D. Carlos Soto Álvarez ven desempeñando con carácter exclusivo o seu traballo como Coordinador da Área de Servizos xerais e Vías e Obras.

Non consta neste servizo resolución algunha pola que o xefe da unidade administrativa de Alcaldía pase a realizar as funcións de “coordinador da área de servizos xerais” de xeito exclusivo, polo cal debe facerse constar que dado que o referido traballador municipal percibe mensualmente e con carácter íntegro as retribucións propias do citado posto de traballo de “xefe/a da Unidade Administrativa de Alcaldía”, existente na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, deberá obrigatoriamente realizar as funcións propias do mesmo na dita unidade de Alcaldía, con independencia das indeterminadas funcións de apoio e asistencia persoal á Concelleira-delegada da Área de Servizos Xerais e de Vías e Obras que lle foron encomendadas no seu día e que se supón foron voluntariamente aceptadas polo mesmo, nas condicións en que foron aceptadas, dado que non existía nin existe na actualidade o órgano directivo ao cal se se fai referencia nos escritos nin posto de traballo na RPT municipal que se lle asemelle.

Non obstante o antedito, o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 10 de decembro do 2008 establece literalmente que “en tanto non se teña aprobado o Regulamento Orgánico Municipal do concello de Vigo, se aprobe a remuneración do posto de coordinador da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras nunha cuantía correspondente á que lle correspondería á persoa nomeada de ser xefe de Área máis trescentos euros mensuais, que namentres, se satisfarán polo concepto de produtividade”; acordo que na data de hoxe ten carácter firme e executivo nos termos do disposto nos artigos 56 e 57 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificado por Lei 4/1999, dado que non consta que teña sido recorrido nin en vía administrativa segundo o réxime de recursos previsto na dita Lei nin segundo os previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En consecuencia, e dado que no presente suposto a apreciación das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, en canto a que o traballador adscrito ao posto de xefe da Unidade administrativa da Alcaldía ven realizando, por decisión do Goberno Municipal as funcións que debería realizar o órgano directivo de Coordinador da área de servizos xerais, unha vez que o mesmo fose creado, xa foi realizada directamente polo órgano competente para a asignación do complemento de produtividade (Xunta de Goberno Local) como así consta no acordo do 10 de decembro do 2008 sen previa proposta da Unidade de Persoal.

No suposto de que se considere propoñer a estricta execución do Acordo da Xunta de Goberno Local anteriormente citado (10 de decembro de 2007), e tendo en conta as retribucións dos postos sinalados::

Retribucións anuais:

Xefe de Area (A1 CD 28 CE 63)	Xefe Un.Administrativa da Alcaldía (B CD 26 CE 14):
Basicas: 15891,54 €	Basicas: 13487,18 €
C.D.: 11990,30 €	C.D.: 10057,18 €
C.E.: 39473,42 €	C.E.: 21754,60 €

A diferenza mensual entre ambos postos mais os 300 € mensuais, tal e como acordou a Xunta de Goberno local, supón un total de 25656.30 € anuais.

Nas instrucións de plantilla vixentes recollese que o aboamento das produtividades efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto os períodos de baixa laboral, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 23 do acordo regulador.

Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, D Carlos Soto Alvarez non disfrutou de permiso retribuído ou vacacións dende o 1 de xuño ao día 30 de setembro de 2008 e estivo de baixa por incapacidade temporal do 30 de xuño ao 28 de xullo de 2008.

Polo tanto, os importes a percibir e concepto de produtividade polo empregado municipal D Carlos Soto Alvarez para o período comprendido entre o 1 de xuño ao día 30 de setembro de 2008 ascendería a 6556,56 € .

En consecuencia, e previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, e como xa se sinalou anteriormente en estricta execución dos acordos da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro do 2007 nos seus propios termos, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“En cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2007, recoñecer ao funcionario D. Carlos Soto Álvarez, adscrito ao posto de traballo de xefe/a da Unidade administrativa de Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 6556.56 € euros, en relación ao período comprendido entre de 1 de xuño e o 30 de setembro de 2008 , acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1819.- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. AVELINO SAN LUIS COSTAS- 1º TRIMESTRE. EXPTE. 18198/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 17.04.08, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D Avelino M. San Luis Costas , Xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400 €, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente

Con data 8 de abril de 2007, recibese informe asinado polo Alcalde Presidente da Corporación no que se acredita o especial rendemento e adicación do devandito funcionario no 1º trimestre do ano 2008.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, o funcionario Avelino San Luis Costas non disfrutou de permiso retribuído ou vacacións así como non tivo ningunha baixa por incapacidade temporal no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2008.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 2600 €.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o

apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer ao funcionario D Avelino San Luis Costas, funcionario adscrito a Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 2600 € euros, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

41(1820).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. AVELINO SAN LUIS COSTAS- 3º TRIMESTRE. EXPTE. 18589/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 31.10.08, conformado polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D Avelino M. San Luis Costas , Xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400 €, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

O citado acordo especifica o carácter anual do complemento retributivo aprobado non circunscribéndolo ao ano 2007 unicamente, polo que se considera que o gasto si foi previamente autorizado, quedando condicionado o seu aboamento a existencia de consignación na partida orzamentaria 121.0.1500000 Productividade.

Con data 29 de outubro de 2008, recíbese informe asinado polo Alcalde Presidente da Corporación no que se acredita o especial rendemento e adicación do devandito funcionario no 3º trimestre do ano 2008 (xullo, agosto, setembro).

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial

rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As motivacions da presente proposta en canto a prolongación da xornada laboral, incremento de funcións, etc, considerase que as especiais circunstancias nas que se produce o desempeño do posto de traballo referido supoñen una disponibilidad plena, incluídos días festivos por esixencia obxectiva dos seus cometidos, parámetros que ata a data non se atopan recollidos en ningún concepto retributivo de carácter fixo, polo que cumpre recoñecer ao funcionario adscrito ao posto de xefe de Relacións Públicas, previo informe acreditativo do servizo, o seu especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que esta a desempeñar o seu traballo, de conformidade co disposto no artigo 28.Un.e) da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2008 (en canto ao complemento de produtividade) en relación coa Disposición Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, e no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Según os datos obrantes no Servizo de Persoal, o funcionario Avelino San Luis Costas disfrutou de vacacións do 8 de setembro ao 1 de outubro de 2008 e como non tivo ningunha baixa por incapacidade temporal no período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2008.

Deste xeito, o importe da produtividade solicitada ascendería a cantidade de 1993,32 €.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non pudiendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

Para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Recoñecer ao funcionario D Avelino San Luis Costas, funcionario adscrito a Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 1993,32 € euros, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de xullo ao 30 de setembro de 2008, acordando en consecuencia o aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1821).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FUNDACIÓN CELTA DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO XXXVIII TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL. EXPTE. 7973/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.11.08 e de acordo co informe-proposta do director do IMD, do 17.10.08, que di o seguinte:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e a Fundación celta de Vigo, en relación á subvención pola organización do XXXVIII Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, e que de seguido se transcribe.

Segundo: Aprobar o gasto de 100.000,00 € a favor da entidade Fundación Celta de Vigo, CIF: G-36810042, e con enderezo social na Av. Balaidos, Vigo 36210. O pagamento realizarase na conta 2080 01429700400044607 con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.14 do vixente orzamento.

Cuarto: Habilitar ó Concelleiro delegado de deportes do Concello de Vigo, D. Fco. Xabier Alonso Pérez para asinar este convenio.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN CELTA DE VIGO POLA ORGANIZACIÓN E CELEBRACIÓN DO XXXVIII TROFEO CIDADE DE VIGO DE FÚTBOL DO DÍA 23 DE AGOSTO DE 2008.

No Concello de Vigo, con data 22 de Novembro de 2008.

Por parte do Concello de vigo: D. Fco. Xabier Alonso Pérez, Concelleiro Delegado de deportes.

En nome e representación da " Fundación Celta de Vigo ", CIF: G-36810042, D. Carlos Mouriño Atanes, co DNI:35921669-Q, e presidente da mesma.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade e competencia para asinar o presente convenio.

MANIFESTAN:

Que en aras do interese deportivo e social que para a cidade de vigo ten a realización do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, que con grande éxito vense celebrando dende fai 37 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a entidade "Fundación Celta de Vigo" conveñen a realización do mesmo.

PRESCRIPCIÓNS:

Primeira: *O obxecto do presente convenio establécese na colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a Fundación Celta de Vigo polo desenvolvemento do evento deportivo "XXXVIII do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol", que tivo lugar o 23 de Agosto de 2008.*

Segunda: *A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición fin al primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real*

Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2008; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interés publico social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4C da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas no convenio teñen un alto interese público e social, dada a súa natureza de promoción e difusión do programa deportivo.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrència dado que a Fundación Celta de Vigo ten experiencia para o fomento deportivo en Vigo, sendo a entidade que colaborou no desenvolvemento deste proxecto nas súas anteriores edicións.

A Fundación celta de Vigo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG.

Terceira: *O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:*

1. Colaborar na financiación do XXXVIII Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol a través da subvención á “Fundación Celta de vigo” en relación ós gastos xerados pola organización e desenvolvemento do XXXVIII Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol, por unha cantidade de 100.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.14.

Cuarta: *A Fundación Celta de Vigo asume as seguintes obrigas:*

- A organización comprométese a presentar un proxecto xeral de todos os requisitos da organización do evento.*
- Responder da veracidade dos datos da solicitude.*
- Cumprir todas as normas do clausulado do convenio.*

Quinta: *O seguimento da execución da execución do presente convenio será realizado polo servizo de deportes da Concellería de deportes do Concello de Vigo.*

A Concellería de Deportes, a través do servizo de deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio.

A aceptación por parte da Fundación Celta de Vigo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro.

O Servizo de Deportes, como órgano instructor, poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de vigo, a través dos seus servizos municipais poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

O Concelleiro de Deportes do Concello de Vigo queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio.

Sexta: *Así mesmo acordan que todos os ingresos derivados da organización da XXXVIII do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol sexan percibidos en beneficio da “Fundación Celta de Vigo”.*

Sétima: A vixencia do presente convenio será única e exclusivamente pola realización do “XXXVIII Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol”.

Oitava: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena: A Fundación Celta de Vigo deberá comunicar ó Concello de Vigo calquera Subvención que reciba para a organización do XXXVIII do Trofeo Cidade de Vigo de Fútbol .

Décima: A xustificación da subvención farase por parte do beneficiario en forma de conta xustificativa conformada, segundo o previsto no artigo 28 da LSG. A conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que teñan sido financiadas coa subvención, así como o seu custo, co desglose de cada un dos gastos incurridos.

Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio, a Fundación Celta de Vigo deberá adxuntar coa memoria correspondente a seguinte documentación:

1- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

a) Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.

b) Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

c) Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas Federacións, documentos de pago de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións, que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

d) En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vinculados de forma directa co proxecto do evento organizado e subvencionado, e non deberá constar de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatória.

Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades subvencionadas neste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.

Tras a presentación da conta, que deberá realizarse no prazo máximo do 15 de Decembro de 2008, o Director Deportivo do IMD procederá a emitir un certificado sobre a realización do evento e de conformidade coa conta xustificativa, previa o pagamento dos 100.000,00 € correspondentes á subvención.

Así o conveñen no lugar e data no encabezamiento expresados, e asinan por triplicado o presente documento.

43(1822).- SOLICITUDE DE APROBACIÓN DE PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E NOMEAMENTO DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE EN OBRA. EXPTE. 2890/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do arquitecto municipal, do 20.11.09, que di o seguinte:

Estase a inicia-la obra de reforma e adaptación do Auditorio Municipal, con adxudicación definitiva de 22/10/08 á empresa constructora ORECO S.A.

Conforme ó estipulado no RD 1627/1997 de 24 de outubro (BOE nº 256 de 25 de outubro) polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción é preceptiva a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde presentado pola empresa constructora por parte do Coordinador de Seguridade e Saúde en obra e polo órgano da Administración que aprobou o proxecto.

Polo exposto PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

- Nomear ó Arquitecto Municipal D.Juan Luis Piñeiro Ferradás coma Coordinador en materia de Seguridade e Saúde perante a execución da obra de reforma e adaptación do Auditorio Municipal.*
- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria ORECO S.A. para a obra de reforma e adaptación do Auditorio Municipal do edificio do Concello de Vigo.*

Nota: achégase a seguinte documentación complementaria:

Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria ORECO S.A. para a obra de reforma e adaptación do Auditorio Municipal do edificio do Concello de Vigo.

Acta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde asinada polo técnico que está a desenvolver provisionalmente os traballos de Coordinador de Seguridade e Saúde, D.Juan Luis Piñeiro Ferradás (Arquitecto Municipal).

Informe do devandito coordinador para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do Plan de Seguridade e Saúde.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(1823).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A “ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO” PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 3624/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.08, o informe xurídico do 17.11.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade do 6.11.08, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 20.000,00€ (vinte mil euros) con cargo á partida presupostaria “Plan municipal contra a violencia de xénero” 463.2.227.0608 (2.000 € con cargo ao orzamento vixente e 18.000 € con cargo ao orzamento futuro previsto para o exercicio 2009) para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCION DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCION PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil oito,

R E Ú N E S E:

Dunha parte, D^a Iolanda Veloso Ríos, Concelleira de Igualdade do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra D^a Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, en representación da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais, entre os que destacan o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e a Casa de acollida para mulleres maltratadas (en breve Centro de Emerxencia)

Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes

a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urgente, especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional.

Os recentes cambios lexislativos acaecidos a nivel estatal e autonómico, plasmados na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, obrigan a introducir cambios que melloren tales recursos e que, sobre todo, permitan facer efectiva esa atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Tamén os cambios na normativa de servizos sociais, entre os que destaca o Decreto 143/2007 do 12 de xullo, relativo ós requisitos que deben reunir os centros de servizos sociais, obrigan a revisar centros existentes na nosa Administración local, para optimizar o seu funcionamento e adaptarse plenamente ós cambios lexislativos recentes.

SEGUNDO.- Que a experiencia do Concello de Vigo de case dúas décadas de atención especializada a vítimas de malos tratos indica a necesidade de primar a atención á vítima sobre os aspectos burocráticos e procedimentais, e para iso faise necesario mecanismos de coordinación eficiente entre todos os profesionais implicados que optimicen os esforzos da intervención.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CMIDM) e tres vivendas de protección cedidas polo IGVS ao Concello. Estes dous servizos completaranse e coordinaranse en breve co Centro de emerxencia municipal que xestionará o Consorcio Galego de Servizos Sociais. A Concellería de Igualdade será o organismo responsable da coordinación desta rede municipal de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.

As tres vivendas municipais de protección están ubicadas en distintas zonas da cidade e son un recurso social específico que a Concellería de igualdade destinará á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas dependentes delas que carezan doutros recursos económicos e persoais suficientes para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estada temporal nas vivendas e a axuda e apoio dunha educadora familiar contribuirá a que as mulleres beneficiarias das vivendas de protección consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia tanto para elas como para os seus fillos e fillas.

CUARTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola “Asociación Mulleres Progresistas de Vigo”, esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

E segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente as partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo do convenio, acordan outorgar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado na memoria que se incorpora como anexo I.

SEGUNDA.- COMPROMISO DA ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo coa memoria presentada, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

Deseñar e implementar os itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas.

Visitar periódicamente ás usuarias e persoas delas dependentes durante o tempo que residan nas vivendas de protección

Actualizar o libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.

Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección.

Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.

Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.

Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.

O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir e cursará os correspondentes partes de mantemento para o seguimento das necesidades derivadas do funcionamento básico das vivendas.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo cumprirá as disposicións en vigor en relación coa/s traballadora/s, en todos os seus aspectos, incluídos os de Seguridade Social, hixiene laboral, así como o pagamento dos impostos, recargos e arbitrios que se derivan das contratacións. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esta entidade.

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo velará polo cumprimento da Lei de protección de datos na execución deste proxecto, garantindo a confidencialidade e o dereito á intimidade das usuarias e persoas delas dependentes.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo facilitará á Concellería de igualdade un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual.

TERCEIRA.- COMISION DE SEGUIMENTO.

A vixianza e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada pola Concelleira de Igualdade, a presidenta da asociación Mulleres Progresistas, a xefa do servizo de igualdade e a educadora familiar, ou persoas en quen deleguen. A dita comisión terá como funcións: o seguimento e no seu caso proposta do proxecto de intervención, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, actividades, e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO.

As obrigas económicas derivadas do convenio serán atendidas a conta da partida orzamentaria da concellería de igualdade “plan municipal contra a violencia de xénero” 463 2 227 06 08 do presuposto vixente e do presuposto futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto do ano 2009.

QUINTA.- FORMA DE PAGO.

O Concello de Vigo afrontará os gastos que lle corresponden por un total de 20.000 € (vinte mil euros) presuposto total do convenio, e abonará o importe da achega económica en catro partes:

.-Exercicio 2008: A primeira parte da achega por importe de 2.000€ coa firma do presente convenio, para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións.

.-Exercicio 2009: O resto do importe da cantidade presupostada en tres partes de igual valor (6.000 €) con periodicidade trimestral logo da petición presentada pola Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo mediante a presentación do escrito no rexistro xeral do Concello. A solicitude de cada pago deberá vir acompañada dun informe cuantitativo e cualitativo sobre a prestación do servizo. O servizo de igualdade do Concello certificará o cumprimento do convenio.

SÉXTA.- DURACIÓN E VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e terá vixencia desde o día 1 de novembro de 2008 ata o día 31 de outubro de 2009.

SÉTIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

OITAVA.- NATUREZA E REXIME XURÍDICO APLICABLE.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei de contratos do sector público, Lei 30/2007 do 30 de outubro, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

45(1824).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DE “CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”. EXPTE. 3603/204.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.11.08, o informe xurídico do 24.10.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade do 22.10.08, conformado pola concelleira-delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a realización do Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para a xestión do “Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero”

2º. -Autorizar ao Tenente de Alcalde para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 266.000,00 euros (douscentos sesenta e seis mil euros) para facer fronte aos gastos que xenera a execución do convenio no ano 2009, con cargo á partida presupostaria “Centro de emerxencia mulleres maltratadas” 463.2.227.06.12 do presuposto futuro da concellería de igualdade.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

CONVENIO ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A XESTIÓN DO CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

REUNIDOS

Dunha parte, D. Anxo Manuel Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo os estatutos que o regulan publicados no DOGA do 7 de xullo de 2006.

E doutra, D. Santiago Domínguez Olveira, actuando en representación do Concello de Vigo, na súa condición de Tenente de Alcalde do Concello de Vigo, en virtude de decreto de 5 de xullo de 2007 e segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ámbalas dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración suscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local.

Que o Consorcio nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;*
- incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;*
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu entorno propio.*

SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo, adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2 de febreiro de 2007.

TERCEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros e é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

Os recentes cambios lexislativos acaecidos a nivel estatal e autonómico, plasmados na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, obrigan a introducir cambios que melloren tales recursos e que, sobre todo, permitan facer efectiva esa atención integral ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Tamén os cambios na normativa de servizos sociais, entre os que destaca o Decreto 143/2007 do 12 de xullo, relativo ós requisitos que deben reunir os centros de servizos sociais, obrigan a revisar centros existentes no nosa Administración local, para optimizar o seu funcionamento e adaptarse plenamente ós cambios lexislativos recentes.

Por iso, o Concello de Vigo e o Consorcio manifestan a conveniencia e necesidade de establecer un Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero para prestar a atención inmediata e urxente ás mulleres vítimas de malos tratos, que permita unha rápida intervención, en necesaria coordinación co equipo de profesionais que integra o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

En atención a todo o exposto, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a xestión do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero.

SEGUNDA.- O Consorcio xestionará a Centro de Emerxencia, de acordo coa normativa aplicable en materia de centros de servizos sociais e de acollida para mulleres vítimas de malos tratos (Decreto 143/2007 do 12 de xullo, Orde do 1 de abril de 1997) e a súa propia normativa interna, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) A selección, contratación e dirección do persoal
- b) A elaboración das normas de carácter interno e do proxecto de Atención ás mulleres aloxadas no dispositivo.
- c) Con carácter xeral todas aquelas xestións que se deriven da cesión de uso do Centro.

O Consorcio Galego e o Concello de Vigo elaborarán conxuntamente os protocolos de actuación do servizo: proxecto de intervención coas mulleres e persoas dependentes aloxadas no dispositivo, protocolos de derivación e coordinación con outros servizos de atención, e as normas de réxime interno do dispositivo, que serán aprobadas por ambas as dúas partes previamente á súa aplicación.

O Concello de Vigo participará na xestión do Centro de Emerxencia nos termos e proporción que determinen as normas de carácter interno da mesma e, en todo caso formando parte do organismo de selección do persoal do centro, e colaborando na tramitación das solicitudes para o acceso ao Centro de Emerxencia, a través dos seus servizos sociais específicos de atención ás mulleres, especialmente o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller de Vigo.

En toda a difusión e información que se realice do servizo figurará o logo da Concellería de Igualdade e do Consorcio Galego.

TERCEIRA.- Obrigas das partes.

O Concello cederá ao Consorcio o uso do inmovible situado na rúa Pintor Lugrís, núm. 5 de Vigo, e o equipamento e mobiliario detallado no inventario que se incorpora como anexo II.

O Consorcio asumirá a xestión integral do centro e farase cargo de todos os gastos derivados do seu funcionamento e equipamento, comprometéndose o Concello a contribuir a ditos gastos cunha achega de 266.000 euros ao ano segundo o estipulado no cláusula quinta do presente convenio.

O Consorcio velará polo bo uso do inmovible, mobiliario e demais equipamento do dispositivo e presentará ao remate de cada ano un inventario actualizado con indicación expresa das baixas, reposicións e/ou incorporacións producidas durante o ano.

O Consorcio facilitará asesoramento e apoio á Concellería de Igualdade no desenvolvemento de campañas de detección da violencia de xénero, nas actividades de sensibilización de axentes sociais, educativos e sanitarios e en todas aquelas actuacións que neste ámbito poidan ser acordadas por ambas as dúas partes.

O Consorcio facilitará ademais á Concellería de Igualdade un informe trimestral sobre a execución do servizo e unha memoria anual ao remate de cada ano.

CUARTA.- Financiamento.

As obrigas económicas do Concello derivadas do convenio serán atendidas a conta da partida 463 2 227 06 12 dos seus orzamentos e as do Consorcio con cargo á partida ----- prevista nos seus orzamentos.

QUINTA.- Forma de pago.

O Concello de Vigo aboará o importe da súa achega, cunha periodicidade trimestral, en catro partes de igual valor nos meses de xaneiro, abril, setembro e decembro. O estado de gastos e a contía desta achega serán revisados anualmente pola Comisión de seguimento consonte o previsto na cláusula seguinte do presente convenio.

SEXTA.- Comisión de seguimento.

A vixianza e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e Concelleira de Igualdade, ou persoas en quen deleguen.

A dita comisión terá como funcións: seguimento e no seu caso proposta do proxecto de intervención do Centro, a avaliación dos resultados da execución do convenio e propostas de mellora, seguimento do estado de gastos e a actualización da achega económica do Concello, o deseño do programa anual de actividades do centro e das campañas divulgativas e a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

SÉTIMA.- Duración e Vixencia

A duración deste convenio fíxase en 10 anos e terá vixencia desde a súa sinatura entre as partes. O convenio prorrogarase automaticamente por períodos anuais se ningunha das partes se opón á prorroga antes da finalización do correspondente período, sen que a duración total poida exceder de 20 anos.

OITAVA.- Actualización do Convenio.

A actualización da aportación económica do Concello será revisada anualmente pola Comisión de seguimento segundo o especificado na cláusula sexta deste convenio, unha vez calculado e comunicado polo Consorcio o custo/praza/día revisado anualmente.

NOVENA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

DÉCIMA.- Natureza e réxime xurídico aplicable.

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose, aos seus efectos, polo disposto nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei de contratos do sector público, Lei

30/2007 do 30 de outubro, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.- Durante o ano en curso o Concello de Vigo correrá cos gastos de mantemento do centro (enerxías, limpeza, seguridade activa e pasiva e outros servizos complementarios) e o Consorcio cos gastos de persoal do centro e os demais derivados do seu funcionamento.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

46(1825).- ROGOS E PREGUNTAS.

a) Expedientes de produtividade.

D. Santiago Domínguez pregunta qué expedientes de produtividade de persoal faltan por tramitar do presente exercicio, solicitando que a contestación se faga constar nunha acta da Xunta de Goberno local.

O Sr. Font di que falta algún expediente que se recibiu hai pouco no departamento de persoal, pero comprométese a dar conta á Xunta de Goberno de todos os expedientes de produtividade que faltan por tramitar.

b) Convenio de transporte de Ría.

D^a. María Méndez di que lle consta que hai reunións entre os Concellos de Moaña e Cangas e a Consellería de Política Territorial. competente e pregunta porque o Concello de Vigo non asiste ás mesmas.

O Sr. Alcalde contéstalle que o Concello tamén ten reunións coa Consellería de Política Territorial, que por agora son bilaterais, e que haberá un convenio que afectará a tódalas partes implicadas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.